

Prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello da Lugo e a empresa Monbus Urbanos, S.A.U., como contratista do transporte urbano municipal, para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas ás mesmas na Área de Transporte Metropolitano de Lugo

REUNIDOS:

Dona Judit Fontela Baró directora xeral de Mobilidade, actuando por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo co establecido na Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG Núm. 117, do 18 de xuño).

Dona Paula Alvarellos Fondo, alcaldesa do Concello de Lugo, segundo o nomeamento acordado no Pleno municipal en sesión extraordinaria do día 18 de xaneiro de 2024, e en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Don Raúl José López López, actuando en nome e representación da empresa Monbus Urbanos, S.A.U..

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar esta prórroga do convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- O 28 de decembro de 2020, a entón Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e a empresa Monbus Urbanos, S.A.U., asinaron un convenio de colaboración para a determinación do sistema de compensación tarifaria e as obrigas das partes derivadas da integración do transporte urbano da cidade de Lugo no sistema de transporte metropolitano definido no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo.

Segundo.- A cláusula oitava - Vixencia- establece que dito convenio subscríbese no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Lugo, iniciando a súa vixencia o 01/01/2021 e manténdoa polo prazo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis.

No marco desta previsión, e unha vez prorrogado o Convenio Marco da ATM de Lugo por un período de catro anos, as partes consideran oportuno subscribir unha prórroga do Convenio de colaboración inicialmente subscrito e estender os seus efectos para os exercicios 2025, 2026, 2027 e 2028.



De conformidade con todo o exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento aprobar esta prórroga, consonte coas seguintes condicións,

PRIMEIRA.- Prórroga da vixencia do convenio de colaboración

Prorrógase a vixencia do Convenio de colaboración formalizado o 28 de decembro de 2020 entre a Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e a empresa Monbus Urbanos, S.A.U. para a determinación das condicións do sistema de compensación tarifaria e as súas obrigas asociadas na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, nos termos nos que foi redactado, por catro anos adicionais, ata o 31 de decembro de 2028, e no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Lugo asinado con data 9 de decembro de 2020.

SEGUNDA.- Para a normal execución desta prórroga a administración dispón de crédito orzamentario suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.512A.470.1.

TERCEIRA.- No non establecido expresamente neste acordo de prórroga, resultarán de plena aplicación as cláusulas e disposicións do convenio formalizado o 28 de decembro de 2020.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan esta prórroga de convenio na data da sinatura electrónica.

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

A alcaldesa do Concello de Lugo

Paula Alvarellos Fondo

Por Monbus Urbanos, S.A.U.

Raúl José López López

Asinado por: ALVARELLOS FONDO, MERCEDES
PAULA
Cargo: Alcaldesa (Concello de Lugo)
Data e hora: 27/12/2024 11:28:07

Asinado por: LOPEZ LOPEZ, RAUL, JOSE
Cargo: Representante (Monbus Urbanos, S.A.U.)
Data e hora: 27/12/2024 09:37:32

Asinado por: FONTELA BARO, JUDIT
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 27/12/2024 11:28:53

